

Acta da sesión ordinaria do **Comité Ambiental** celebrada o día **2 de maio de 2023** a través de Teams, coa asistencia dos seguintes membros:

Adela Ortiz Doldán, Ainara Mailan Méndez, Alicia Gloria Risso Miguez, Ánxela María Bugallo Rodríguez, Blanca Laffon Lage, Carlos Isolino de Paz Villasenín, Celia López Vicario, Cristina de Oliveira Ríos, Cristina Pardo Carabias, Eduardo José Pásaro Méndez, Fernando Moreno Espinosa, Iria Martínez López, Juan Carlos Rivadulla López, Laura González Vázquez, Lucía Vázquez Ben, M^a Olga Osorio Márquez, Manuel Peralbo Uzquiano, Marta Meléndez García, Miriam Carretero García, Noelia López Ferreira, Óscar González Iglesias, Patricia Carballal Miñán, Pedro José Vega Marcote, Roberto Suárez Brandariz, Valeria Martínez Zambrano, Yael Moure Martínez, Yamilé Perez Guilarte, Yolanda Golías Pérez.

Desculpa a súa asistencia o alumno David Posada Fernández.

Comeza a sesión ás 18:00 horas, para tratar a seguinte **Orde do día**:

1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta da sesión anterior (28/02/2023).

Toma a palabra o Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT, Juan Rivadulla López e, como a acta fóra posta a disposición dos presentes con anterioridade á reunión e ninguén presenta suxestións, apróbase esta por asentimento.

2. Valoración do Marzo Ambiental 2023

O profesor Pedro Vega Marcote, como presidente do Comité Ambiental, despois de dar a benvinda aos presentes á reunión, agradecer a súa asistencia, e celebrar a grande cantidade de alumnado participante, pasa a facer unha relación das actividades levadas a cabo na Facultade de Ciencias da Educación durante o Marzo Ambiental 2023. Concretamente, realizouse:

- Unha serie de obradoiros teóricos e prácticos arredor da pegada ecolóxica como ferramenta para analizar e promover a sustentabilidade.
- Unha charla sobre Nutrición saudable e sostible: O prato de Harvard, a cargo do equipo de Nutrición, en colaboración con UDC Saudable.
- Unha exposición na planta -3, tamén sobre esta temática (saúde e sustentabilidade).
- Unha charla sobre residuos, reciclaxe e compostaxe, aspecto que na nosa Facultade de Ciencias da Educación ten mellorado significativamente nos últimos tempos. Neste caso, a explicación centrouse, entre outros, en como se produce o compost e como se coida, aquí na propia estación de compostaxe ubicada fronte á facultade.

- En relación aos residuos, o que se fixo foi unha caracterización dos mesmos en cada un dos contedores da Facultade. Á espera dos resultados finais, os resultados preliminares indican que hai aspectos mellorables; de aí tamén as charlas que se están a realizar nas dúas últimas semanas polas diferentes aulas, cursos e graos da Facultade, co gallo da Semana Europea de Prevención dos Residuos.
- Obradoiro sobre circularidade na industria textil con Intersega.
- Charla e enquisa sobre novas tecnoloxías e impacto ambiental, a cargo do MAPIC, da Escola de Camiños.
- Auditoría de auga de carácter teórico-práctico por toda a facultade, o que permitiu identificar algunhas billas e lavabos que precisan de ser regulados, aínda que no propio proceso xa se foi reducindo o seu consumo mediante o axuste da chave, e máis (re)poñer máis pegatinas informativas novas. Precisamente, esta mellora do aproveitamento da auga será unha das tarefas a realizar no próximo curso.

Rematada a relación de actividades acometidas en Marzo Ambiental, o profesor e presidente do Comité Ambiental Pedro Vega Marcote cede a palabra ao alumnado para que informe das debilidades e fortalezas identificadas en torno á promoción da sustentabilidade na Facultade de Ciencias da Educación, coas súas correspondentes propostas.

3. Proposta de actuacións para o curso 2023/2024

Entre as fortalezas, destacan:

- A grande cantidade de luz natural da que goza a facultade grazas ao seu deseño arquitectónico e o material do teito, o que axuda a aforrar enerxía lumínica;
- A ampla disposición e boa sinalización das illas de residuos, o que fai máis doada a súa reciclaxe, e máis a existencia dun composteiro propio, o que permite reducir e aproveitar os desperdicios procedentes da cociña da cafetería.

E entre as debilidades, sinalan:

- Algunhas billas dos baños do alumnado están mal reguladas, provocando un maior desperdicio da auga.
- A maioría dos produtos ofrecidos nas máquinas expendedoras son pouco saudables.
- A pesar de dispoñer de illas de residuos, é necesario seguir facendo campañas para que siga mellorando a separación en orixe.
- Procurar non acender a calefacción os días calorosos.

Xa que logo, proponse:

- Difundir información entre a comunidade universitaria acerca de como distribuír os residuos en cadanseu contedor, tendo en conta que en moitos lugares de Galicia predomina o modelo Sogama para a xestión de residuos, fronte ao modelo Nostián empregado polo Concello da Coruña.
- En relación coas máquinas expendedoras, proponse por un lado, incentivar a reciclaxe mediante a implantación dunha máquina que permita devolver envases como botellas de plástico e latas, a cambio dun pequeno beneficio, como pode ser parte do custo do produto, descontos en cafetería, reprografía... Tamén se podería levar a cabo algunha campaña de sensibilización en canto ao uso de plástico e/ou “regalar” botellas sostibles da facultade, como se fixo coas mascarillas para a Covid. Polo outro, proponse incorporar a estas máquinas produtos máis saudables, como froitas.
- Fomentar hábitos de alimentación máis saudables, que impliquen un menor procesamento industrial e liberación de CO₂ ao entorno debido á súa fabricación e transporte.
- Facer un estudio para comprobar si os secadores de mans nos aseos son máis eficientes que o uso de papel.
- Habilitar unha zona na facultade onde compartir/vender/ceder apuntes comprados en reprografía en cursos anteriores, para así reducir o consumo de papel e diñeiro.
- Concienciar á comunidade no seu conxunto sobre a importancia de reducir o consumo eléctrico, a través de carteis informativos, e promovendo distintas accións como apagar as luces cando non se están usando, sobre todo nos aseos, e tamén nas aulas, recomendándose dar clase coas persianas abertas (moitas veces pechadas). Tamén se poderían colocar luces con sensor nos aseos e zonas comúns pouco transitadas, para evitar ter as luces acesas todo o día sen que chegue a empregalas moita xente.
- Apagar a calefacción naquelas semanas nas que, aínda en tempos de outono e inverno, a temperatura chega a ser moi elevada.
- Adquirir enerxía verde das compañías eléctricas e/ou instalar paneis solares.
- Promover medios de transporte (máis) sostible, como son o emprego da bicicleta, o servizo de transporte público como o bus e o tren, aproveitando o apeadoiro da universidade, ou vehículo compartido para ir á facultade.

4. Quenda aberta de intervencións

Aberta a quenda de intervencións, a bolseira Laura González aproveita para anunciar o próximo obradoiro sobre reciclaxe creativa a celebrar o xoves 4 de

maio de 2023, na aula 2/3 da Facultade de Ciencias da Educación, de 17 a 19h aproximadamente. Invita a levar ao taller calquera material do que dispoñamos para customizar durante a súa realización, e indica que se pode confirmar asistencia mediante a web da OMA ou ben por email.

O Sr. Decano, o profesor Manuel Peralbo Uzquiano, intervén para facer algunhas aclaracións acerca de dúas das cuestións e propostas realizadas polo alumnado:

- En referencia á enerxía verde, informa de que non é a facultade a que se ocupa deste tipo de contratacións, senón que é a UDC no seu conxunto a que fai a compra a través dun consorcio con outras universidades. Así, tendo en conta o compromiso da UDC coa transición ecolóxica, con seguridade esta compra teña en conta este parámetro.
- En canto ás máquinas vending, estase a abordar xunto con Xerencia que, cando se tramiten esas concesións, se faga tendo en conta que a carta de produtos ofrecidos sexa o máis saudable posible dentro do que é a oferta vending.

Aproveita para felicitar ao profesor Roberto Suárez Brandariz a elección das glicinias, porque realmente foron unha boa elección e prometen humanizar un pouco máis a facultade, impresión que comparten os membros do Comité no seu conxunto.

Finalmente, agradece aos profesores Pedro Vega Marcote, como Presidente do Comité Ambiental, e Juan Carlos Rivadulla, como Vicedecano de TFG, Estudiantes e PAT, a súa implicación e esforzo polo Comité Ambiental.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 19h.

A Coruña, 2 de maio de 2023,

Lucía Vázquez Ben

Secretaria do Comité Ambiental